



# **BANDO DA ALCALDÍA: USO DE CEMITERIOS MUNICIPAIS CON MOTIVO DOS DÍAS DE SANTOS E DEFUNTOS**

Desde a alcaldía do Concello de Bueu dítase un **BANDO** para que a cidadanía teña en conta algunhas recomendacións con motivo dos días de Santos e Defuntos:

1. Aínda que o Concello de Bueu se atopa nunha situación estable e de normalidade con respecto á Covid-19, cómpre que non baixemos a garda e sigamos respectando as medidas de seguridade e hixiene: utilización de máscara cando non se poida manter a distancia interpersonal, uso de xel hidroalcohólico ...
2. Débese procurar asistir aos cemiterios ao longo dos días previos ao 1 e 2 de novembro para evitar aglomeracións e que todas e todos poidamos dedicar tempo aos nosos seres queridos.
3. Prégase facer unha utilización correcta dos contedores e demais equipamento municipal instalado nos cemiterios. Entre todas e todos debemos contribuír a que estes espazos se atopen no mellor estado posible.
4. Os días 1 e 2 de novembro programárase un operativo especial de regulación do tráfico nos viais e zonas próximas aos cemiterios, polo que todas as persoas deberán estar atentas á sinalización vertical e horizontal, así como ás indicacións da Policía Local durante esas xornadas.

**O alcalde de Bueu**

**Félix Juncal Novas**

**(Documento asinado electronicamente á marxe)**

